

Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da USC

II Concurso de Nadal

A Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da USC organiza por segundo ano un concurso de relatos curtos ilustrados de acordo coas seguintes bases:

Formato: Tamaño A4 (só por unha cara, incluído texto e ilustracións), en papel ou dixital. O texto poderá estar escrito a man ou en Times New Roman 12 ou outra letra de tamaño similar. As ilustracións, debuxos ou fotografías, deberán ser orixinais.

Tema: Sobre o tema xenérico **“os legumes”** os concursantes poderán elixir libremente calquera temática relacionada cos legumes (as plantas que os producen, usos, tipos, propiedades, historia,...).

Categorías: Establécense 4 categorías, diferenciadas pola idade dos concursantes

- A- De 5-8 anos
- B- De 9-13 anos
- C- De 14 a 17 anos
- D- De 18 ou mais anos

Prazo de presentación dos traballos: Do 1 decembro de 2016 ata o 10 de xaneiro de 2017.

Lugar e forma de presentación dos traballos:

1. Na recepción do Museo de Historia Natural da USC. Parque de Vista Alegre. 15782 Santiago de Compostela, en sobre pechado. No exterior do sobre deberá constar o nome, idade, enderezo, telefono e correo electrónico do concursante e no interior só o traballo sen nome nin datos identificativos do concursante.
2. Por correo electrónico no enderezo comunicacion.museohistorianatural@usc.es, facendo constar en asunto “II Concurso de Nadal AAMHN”. Enviaranse 2 arquivos separados, un cos datos identificativos do concursante (nome, idade, enderezo, telefono e correo electrónico) e noutro o traballo sen datos identificativos

Proclamación dos gañadores: A primeira semana de febreiro de 2017

Entrega dos premios: A data e formato do acto de entrega de premios comunicárase aos concursantes despois da data de proclamación dos gañadores.

Os gañadores terán de premio unha cámara tipo GoPro e todos os participantes recibirán un diploma da súa participación no concurso.

Como apoio para o concurso recoméndase a visita á exposición temporal do MHN “2016, Ano Internacional dos Legumes”, de entrada libre